

**Acta núm. 09/2022.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 24 de maio de 2022.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

José Luis Sampedro Bouzas.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 24 de maio de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2022, DO 03.05.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2022, DO 03.05.2022.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.05.2022, acta núm. 08/2022.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTHER PAIS PAZOS, na que comunica que vai realizar obras de conservación no interior dunha vivenda sita en Mourentáns 31 – Viceso, consistentes en: substitución do pavimento actual, poñer falso teito e pintado, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume da mesma.

A edificación (referencia catastral núm. 1373504NH2417S0001UY) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO 1), sitúase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como VE2, e segundo informe da arquitecta, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 370,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 434,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Lucía Luaces Sendón, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS A POMBA, na que comunica que van aumentar a altura do peche das terrazas da fachada dianteira do edificio sito na Avd. de Noia 21,

ata unha altura total de 1,80 metros medidos sobre a beirarrúa, poñendo elementos horizontais metálicos.

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 133,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 197,85 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de FRANCISCO JAVIER LÓPEZ OTERO, na que comunica que vai substituír as ventás existentes de aluminio por outras de PVC, nunha vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 24 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 152,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 217,07 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN BLANCO VARELA, na que comunica que vai substituír dúas ventás na planta baixa da fachada norte e a galería da fachada oeste, no baixo cuberta da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 29 – Os Ánxeles, actualmente de aluminio, por unhas novas de PVC.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 61,18 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,75 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de MANUEL RAFAEL BERMEJO PATIÑO, na que comunica que vai substituír dez ventás existentes de aluminio por outras novas de PVC nunha vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 5 – Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 98,50 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 163,07 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Rafael Pérez Iglesias, que di actuar en representación de MANUELA IGLESIAS CASTRO, na que comunica que vai pintar a totalidade das fachadas da vivenda, na mesma cor, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación (referencia catastral núm. 4654705NH2445S0001BU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 28,00 euros.  
 Total: 28,00 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pedro Taboada de Zúñiga Campos, que di actuar en representación de MARÍA JOSÉ RAMOS SÁNCHEZ, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar de O Tremo – Os Ánxeles, dunha lonxitude aproximada de 120 metros lineais, con bloques de formigón ata 20 cm. de altura e reixa metálica por enriba.

A parcela (referencia catastral núm. 7549132NH2474N0001AJ), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche en contacto coas vías públicas situarase mínimo a 5,50 metros do eixe do vial principal e a 4,00 metros do eixe do vial sur, e terá unha altura máxima de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 88,30 euros.  
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 152,87 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA ARCOS AGRA, na que comunica que vai limpar e aplicar unha impermeabilización na totalidade das fachadas dunha vivenda sita en Guitiande 58 – Os Ánxeles, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación (referencia catastral núm. 7048916NH2474N0000PH), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,40 euros.  
 Total: 37,40 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS GARCÍA NIMO, na que comunica que vai aumentar a altura dun peche existente nunha parcela sita en Babenzo 19 – Bastavales. O peche que serve de separación entre lindeiros, ten unha lonxitude aproximada de 8 metros, e

pretendese elevar a súa altura colocando bloques ata 1,20 metros e arame por enriba ata unha altura máxima de 1,80 metros desde a rasante natural do terreo.

A parcela (referencia catastral núm. 8223111NH2482S0001BK), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,57 euros.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES VILACOBIA MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita na Avda. Santa Minia 69, consistentes en pintar a carpintería de madeira e parte das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento, sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación (referencia catastral núm. 6261506NH2466S0001UO) onde se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,90 euros.

Total: 64,90 euros.

**k)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ LUIS FREIRE RODRÍGUEZ, na que comunica que vai substituír unha galería de aluminio existente e en mal estado por outra nova de PVC, nunha vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 12 – Os Ánxeles. Trátase de obras de escasa entidade, destinadas a garantir as condicións de estanquidade, que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,06 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 127,63 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA JOSÉ BELLO CARRERA, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar illada (alpendre) de 49 m<sup>2</sup>, dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloques de formigón e tella como material de cubrición, nunha parcela sita en Gutiande – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral núm. 6952530NH2465S0001PG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Gutiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE10.

A Xunta de Goberno Local, a vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizando as obras de data 16.05.2022 (expte. 3484/21), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- A edificación situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros.
- En ningún caso poderá destinarse a uso residencial, polo que queda prohibido que conte con instalacións que, no seu conxunto, denoten ese uso.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 228,88 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia asinada por VERÓNICA PAZ OTERO, na que solicita licenza para arranxar unha canalización privada que da subministro de auga a unha vivenda sita en Buio 4 – Os Ánxeles, con tubo de 40 cms. de diámetro e unha lonxitude de 125 metros. Para executar ditas obras necesita cortar 5 metros dun vial de titularidade municipal.

A vivenda a que se pretende dar servizo sitúase na parcela con referencia catastral 6143611NH2464S0001MZ, clasificada como solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obra solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

### **CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rafael Señarís González, que di actuar en representación de ELISARDO MANUEL PICADO RODRÍGUEZ, solicitando licenza para construír unha edificación para elaboración de leña e almacén de maquinaria forestal, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado con data 30.09.2021 (expte. nº 20210720), no lugar de Riazos - San Fins de Brión – Brión.

As parcelas onde se van realizar as obras (referencias catastrais nº 15013A029000650000UO, 15013A029000660000UK, 15013A029000670000UR, 15013A029000700000UR, 15013A029000730000UI, 15013A029000740000UJ, 15013A029000750000UE e 15013A029000790000UH) emprázanse sobre un ámbito clasificado como solo rústico de especial protección agropecuaria e de especial protección de augas.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial da Consellería do Medio Rural de data 14.02.2022 (ref: 2022/8844), da autorización de Augas de Galicia, de data 30.11.2021 (clave DH.W15.80623) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra), con data 30.09.2021 (expte. nº 20210720).
- A obtención da licenza para as edificacións non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o comezo da actividade, segundo o previsto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais, á construción e ao uso autorizado, segundo o previsto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 204,01 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 470,98 euros.
- Total: 674,99 euros.

#### **QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ESTHER ALLER NIEVES na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Coruxido 56 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 12.01.2021, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Coruxido 56 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.11.2020 e documentación complementaria visada o 28.12.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, con data 30.12.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

## **SEXTO .- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.**

**a)** Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por R.M.P., con rexistro de entrada no Concello núm. 1351, do 11.05.2022, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación da súa filla D.S.E.P. na actividade de: Conciliaverán, curso 2021-2022, quendas 2 e 3.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 11/05/2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a R.M.P. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 40 € correspondente á participación de D.S.E.P., na actividade de: Conciliaverán, que se imparte na 2 e 3 quendas do curso 2021-2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

**b)** Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por R.M.P., con rexistro de entrada no Concello núm. 1354, do 11.05.2022, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación da súa filla D.S.E.P., na actividade de: Campamento “Cabanas Bergantiños”, do 12/08 ao 21/08, de 2022.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 11/05/2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a R.M.P. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 150 € correspondente á participación de D.S.E.P., na actividade de: Campamento “Cabanas Bergantiños”, do 12/08 ao 21/08 de 2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

**c)** Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por L.T.F.L., con rexistro de entrada no Concello núm. 1355, do 11.05.2022, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente a súa participación e á do seu marido J.W.H.V nos cursos de manipulador de alimentos e cultivo de horta, que se van a levar a cabo no ano 2022.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 11/05/2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a L.T.F.L. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 10 € correspondente a súa participación no curso de manipulador de alimentos que se vai levar a cabo no ano 2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Conceder a a J.W.H.V. unha bonificación do 100% dos prezos públicos por importe de 10 € e 50 € respectivamente, correspondentes a súa participación nos cursos de manipulador de alimentos e de cultivo de horta, que sen van levar a cabo no ano 2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnicaamente como de difícil integración, consonte co



disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

3º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,17 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González